

ANUNCIO RELATIVO Á APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA "TECENDO LAZOS" PARA O ANO 2019

A Xunta de Goberno, na súa sesión do 20 de maio de 2019, adoptou, entre outros, o acordo de aprobar as Bases reguladoras do programa "Tecendo lazos" para o ano 2019.

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA "TECENDO LAZOS" 2019

No artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega mediante intervencións que permitan lograr os obxectivos marcados nesta lei.

Con ese fin a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, pon en marcha distintas accións e programas dirixidos a entidades, a asociacións e á cidadanía para garantir os principios establecidos pola lei.

Polo exposto, convócase a cuarta edición do programa interxeracional "Tecendo lazos", que se rexerá polas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

1.1. Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública por parte da Deputación de Pontevedra relativa ao programa "Tecendo lazos" 2019, que ten por finalidade desenvolver obradoiros interxeracionais no ámbito do lecer e o tempo libre a través dos cales se pretende poñer en marcha estratexias, oportunidades e formas de creación de espazos para o encontro, a sensibilización, a promoción do apoio social e o intercambio mutuo, intencionado, comprometido e voluntario de recursos, aprendizaxes, ideas e valores encamiñados a producir entre as distintas xeracións lazos afectivos, cambios e beneficios individuais, familiares e comunitarios, entre outros, que permitan a construción de sociedades máis xustas, integradas e solidarias.

Nas persoas maiores fomentárase o envellecemento activo, que mellore a súa actividade física, cognitiva e social, e nas persoas máis novas impulsárase as habilidades sociais e a empatía cara ao resto das xeracións.

1.2. Todos os obradoiros contarán, ademais, cun módulo obrigatorio denominado “A historia do meu concello”, a través do cal se recompilarán historias, lendas, contos e/ou fotografías dos concellos que se adhiran.

O obxectivo deste módulo é promover a transmisión de coñecementos entre as persoas de distintas xeracións, dando a coñecer as tradicións ou os novos relatos de cada un dos municipios a través das achegas do alumnado participante e elaborando un proxecto final de forma conxunta no que se plasme o aprendido.

Segunda. Condicións do programa

2.1. As actividades deberán contar cun mínimo de 10 persoas participantes e cun máximo de 30, das cales un 40 % serán menores. Se non se consegue o número mínimo de participantes valoraranse as opcións existentes antes de anular o curso.

2.2. O programa desenvolverase unha vez publicada a relación de concellos adheridos no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na páxina web corporativa da Deputación de Pontevedra (www.depo.gal), e unha vez formalizado o contrato coa empresa adxudicataria.

O horario e as datas das sesións propoñeráse para cada concello adherido, dependendo das súas necesidades e da dispoñibilidade de locais.

2.3. Os obradoiros terán unha duración de 16 horas lectivas, nas que se incluírá o módulo denominado “A historia do meu concello”, cunha duración mínima de 4 horas, que recollerá actividades enfocadas á procura de fotografías, historias, lendas, contos etc. co obxectivo de recompilar información para a elaboración dun proxecto que reúna os datos máis significativos do concello no que teña lugar cada un dos obradoiros, en relación coas temáticas sobre as que se traballase ou investigase.

Os proxectos realizados no módulo “A historia do meu concello” deberán axustarse aos formatos e contidos mínimos esixidos na base terceira.

2.4. Premiarase o mellor proxecto de entre os presentados polos diferentes concellos e o alumnado participante será galardoado pola Deputación cun agasallo institucional e 50 copias do traballo gañador.

O premio entregarase nun acto institucional organizado conxuntamente pola Deputación de Pontevedra e a empresa adxudicataria, nas datas e no lugar que determine esta institución.

2.5. As diferentes temáticas figuran no catálogo do programa, publicado en www.depo.gal.

2.6. Os obradoiros serán impartidos por unha empresa especializada na materia, responsable da execución, coordinación e avaliación do programa.

2.7. Os obradoiros deberán finalizar antes do 31 de decembro de 2019. Non obstante, previa solicitude por parte do concello adherido e previo acordo da Xunta de Goberno, poderanse prorrogar ata o 15 de xaneiro de 2020.

Esta solicitude deberá presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos.

2.8. Os concellos organizarán un acto de entrega de diplomas, conxuntamente coa empresa adjudicataria, unha vez finalizado cada obradoiro.

Terceira. Condicións dos proxectos

Os proxectos realizados no marco do módulo “A historia do meu concello” poderán presentarse nun dos seguintes formatos:

1. *Dossier*: texto escrito e/ou anexo fotográfico

O proxecto presentarase en formato dixital como un único arquivo, preferiblemente en PDF, cunha extensión mínima de 4 páxinas A₄, entreliña de 1,5 cm, marxes (superior, inferior, dereita e esquerda) de 2 cm e letra Times New Roman a tamaño 12. De incluír un anexo fotográfico, este deberá conter un mínimo de 8 imaxes.

Ademais, deberase elaborar un informe descritivo do proxecto, cunha extensión mínima de 1 páxina A₄, que inclúa os seguintes apartados:

DOSSIER
Breve descrición do porqué do proxecto
Breve descrición dos resultados obtidos

2. *Vídeo*

O proxecto presentarase como un único arquivo de vídeo cunha duración mínima de 1 minuto e 30 segundos e máxima de 3 minutos.

Ademais, deberase elaborar un informe descritivo, cunha extensión mínima de 1 páxina A₄, entreliña de 1,5 cm, marxes (superior, inferior, dereita e esquerda) de 2 cm e letra Times New Roman a tamaño 12, que inclúa os seguintes apartados:

VÍDEO
Breve descripción do porqué do proxecto
Breve descripción dos resultados obtidos
Outras evidencias gráficas (fotografías etc.) se procede

3. Audio

O proxecto presentarase como unha única pista de audio cunha duración mínima de 2 minutos e 30 segundos e máxima de 5 minutos.

Ademais, deberase elaborar un informe descritivo, cunha extensión mínima de 1 páxina A4, entreliña de 1,5 cm, marxes (superior, inferior, dereita e esquerda) de 2 cm e letra Times New Roman a tamaño 12, que inclúa os seguintes apartados:

AUDIO
Breve descripción do porqué do proxecto
Breve descripción dos resultados obtidos
Outras evidencias gráficas (fotografías etc.) se procede

4. Maqueta ou mural

Ademais do proxecto físico deberase elaborar un informe descritivo, cunha extensión mínima de 2 páxinas A4, entreliña de 1,5 cm, marxes (superior, inferior, dereita e esquerda) de 2 cm e letra Times New Roman a tamaño 12, que inclúa os seguintes apartados:

MAQUETA/MURAL
Breve descripción do porqué do proxecto
Descrición dos materiais empregados e do proceso de elaboración
Breve descripción dos resultados obtidos
Outras evidencias gráficas (fotografías etc.) se procede

Cuarta. Adhesión dos concellos

4.1. Poderán participar no programa todos os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra mediante a solicitude de adhesión dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Os concellos terán a posibilidade de presentar a súa solicitude de forma conxunta, entre varios, segundo o establecido na base sétima.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos. Se algunha das entidades interesadas presenta a súa solicitude presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

4.2. Prazo

O prazo de presentación da solicitude de adhesión será de 15 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación destas bases e do extracto no BOPPO.

Ao adherirse ao programa os concellos terán a obriga de cumprir as bases do programa en todo o seu contido, así como a de poñer a disposición as súas instalacións e a proporcionar os medios materiais que se lles requiran para o correcto desenvolvemento do obradoiro escollido, nos termos que se recollan no catálogo, e a organizar, conxuntamente coa empresa adxudicataria, un acto de entrega de diplomas ao finalizar cada obradoiro.

Quinta. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

5.1. Todos os trámites administrativos que os concellos interesados deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán efectualos electronicamente a través do modelo "Instancia xenérica" dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

5.2. No caso de que a solicitude non reúna os datos esixidos ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), requiriráselle ao interesado que no prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, no caso de non o facer, se terá por desistido da súa petición, que se arquivará sen máis trámites.

Sexta. Publicación de actos

Publicarase no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP, a relación de concellos adheridos ao plan.

Así mesmo, será obxecto de publicidade a través da páxina web corporativa da Deputación de Pontevedra.

Sétima. Catálogo de obradoiros

O catálogo conta cos seguintes títulos:

1. Risas en Familia
2. Xogos e Xoguetes Tradicionais: Xogando en Familia
3. O Noso Son: Bailes e Cancións de Agora e de Sempre
4. Faino Ti

Oitava. Persoas beneficiarias

8.1. Os obradoiros interxeracionais ofertados terán como destinatarias principalmente as familias dos concellos que se adhiran ao programa.

8.2. Poderán participar persoas de entre 6 e 99 anos.

8.3. Terán preferencia aquelas persoas que formen parte da mesma familia, se anoten xuntas e pertencen a diferentes xeracións (netas e netos, avoas e avós, fillas e fillos, nais e pais etc.).

8.4. As nenas e nenos de menos de 12 anos deberán acudir sempre en compañía dunha persoa adulta.

As nenas e nenos de entre 12 e 17 anos (ambos incluídos) que queiran acudir sós deberán presentar o consentimento por escrito da nai, pai ou persoa titora.

8.5. Tamén poderán ser beneficiarias do programa persoas doutros municipios sempre que presenten a correspondente solicitude no Rexistro do concello escollido e que non se cubrisen todas as prazas.

Novena. Solicitude de inscrición nos obradoiros

9.1. Unha vez publicada no BOPPO a relación de concellos adheridos, estes deberán abrir o prazo de inscrición para as persoas participantes nun prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao de publicación do anuncio no BOPPO, así como publicitar o programa segundo as indicacións proporcionadas pola Deputación.

9.2. O prazo de presentación de solicitudes de inscrición deberá estar aberto un mínimo de 15 días hábiles.

9.3. As persoas participantes deberán cubrir o formulario de solicitude (anexo II), que poderán obter no concello ou ben a través de www.depo.gal.

9.4. Os membros dunha mesma familia deberán inscribirse nunha mesma solicitude.

9.5. As solicitudes deberán presentarse dentro dos prazos de inscrición establecidos polo concello no que se oferte o obradoiro escollido pola persoa interesada.

Décima. Documentación que deben presentar as persoas participantes

10.1. Coa solicitude de participación (anexo II) deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI/NIE das persoas participantes inscritas na solicitude
- Autorización da nai, pai ou persoa responsable da ou do menor (necesaria unicamente para menores de idade de 12 a 17 anos que acudan sós aos obradoiros) (anexo IV)
- Fotocopia do volante e/ou certificado de empadramento

10.2. No caso de querer participar en diferentes concellos deberase cubrir unha solicitude para cada un e presentar, en cada caso, a documentación correspondente dentro dos prazos de inscrición de cada concello.

Décimo primeira. Documentación que deben achegar os concellos

11.1. Unha vez que o concello estableza o prazo de inscrición deberá remitirle ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude da Deputación de Pontevedra o cartel de difusión que elabore conxuntamente coa empresa adxudicataria do programa, respectando as indicacións previas proporcionadas pola Deputación e incluíndo a imaxe corporativa do programa que esta facilite.

Unha vez conformado e debidamente cuberto, o cartel de difusión deberá remitirse a través de correo electrónico ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude (cohesionsocialexuventude@depo.gal) para a súa validación e a posterior publicación das datas do prazo de inscrición que figuren nel en www.depo.gal.

11.2. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a persoa responsable do programa no concello deberá remitirlle ao Servizo de Cohesión Social e Mocidade, cun mínimo de 10 días de antelación respecto da data prevista de inicio do obradoiro, a seguinte documentación:

- a) Relación de participantes debidamente cuberta no modelo de táboa de Excel, facilitado polo Servizo de Cohesión Social e Xuventude, ao correo electrónico cohesionsocialexuventude@depo.gal
- b) Conxunto de solicitudes de participación debidamente cubertas, así como a documentación anexa dixitalizada (DNI/NIE, autorizacións de participación de menores, volantes de empadramento etc.)

11.3. A documentación deberá ser achegada electronicamente a través do modelo “instancia xenérica” dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

11.4. A empresa adxudicataria será a encargada de contactar coas persoas participantes seleccionadas para todas as comunicacións relativas ao programa.

Décimo segunda. Procedemento de concesión dos obradoiros

12.1. A instrutora dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, a xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude.

12.2. O Servizo de Cohesión Social e Xuventude elaborará a relación definitiva de participantes por concello tendo en conta os seguintes criterios:

1. Persoas da mesma familia que estean empadroadas no concello
2. Persoas menores que acudan en compañía dunha persoa adulta da mesma familia e non estean empadroadas no concello
3. Persoas que participen de forma individual e estean empadroadas no concello
4. Persoas que participen de forma individual e non estean empadroadas no concello

12.3. Cando se supere o número máximo de 30 persoas por obradoiro atenderase á orde de entrega no rexistro para elaborar as listas e crearse unha lista de agarda con aquelas persoas participantes que presenten a súa solicitude en prazo.

12.4. Nun prazo máximo de 3 días hábiles desde a recepción da relación de participantes e o conxunto de solicitudes de participación, o Servizo de Cohesión Social e Xuventude comunicarlle á persoa responsable do programa no concello a relación definitiva de participantes validada, así como a conformidade para a realización do obradoiro solicitado.

12.5. No caso de que a relación de participantes non reúna os requisitos establecidos nas bases, por proposta do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, o concello poderá optar por:

- Ampliar o prazo de presentación de solicitudes
- Elixir unha nova temática de entre as ofertadas, establecendo novos prazos

En ambos os casos deberáselle comunicar a decisión ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude a través do correo electrónico cohesionsocialexuventude@depo.gal.

Décimo terceira. Obrigas dos concellos

- Enviar a documentación solicitada dentro dos prazos establecidos
- Aceptar as obrigas específicas dos obradoiros solicitados e proporcionar as instalacións debidamente acondicionadas e os medios materiais esixidos para o seu bo desenvolvemento. A empresa adxudicataria informará o Servizo de Cohesión Social e Xuventude e os concellos da idoneidade das aulas para garantir a boa marcha do obradoiro (segundo o catálogo)
- Organizar, conxuntamente coa empresa adxudicataria, un acto de entrega de diplomas unha vez finalice o obradoiro asignado
- No caso de que non puidese impartirse o obradoiro adxudicado, por ausencia de persoas inscritas ou por calquera outro motivo que impida a súa realización, presentar a renuncia expresa a través do Rexistro electrónico (sede.depo.gal)
- Autorizar a institución provincial a publicar os datos de contacto e o enderezo no que se deberán presentar as solicitudes co fin de que as persoas que non sexan do municipio poidan realizar a súa solicitude
- Darlles rexistro de entrada ás solicitudes das persoas interesadas co fin de elaborar a lista de prelación
- Autorizar a Deputación e a empresa adxudicataria a obter imaxes das instalacións para comprobar que estas cumpren os requisitos esixidos para a

correcta realización do obradoiro escollido, así como imaxes durante a execución do programa para a súa difusión e promoción

Décimo cuarta. Orzamento

A contía consignada para o programa “Tecendo lazos” ascende, no ano 2019, a cincuenta e oito mil seicentos oitenta euros con corenta e catro céntimos (58.680,44), con cargo á aplicación 19/231.2311.227.07 do Orzamento ordinario desta institución provincial.

A Deputación establece a convocatoria do programa “Tecendo lazos” no marco de obradoiros interxeracionais e oferta inicialmente un total de 52, que poderán incrementarse segundo o prezo definitivo da empresa adxudicataria para cada un deles.

No caso de que o número total de obradoiros ofertados nesta convocatoria non quedase cuberto, este organismo provincial reserva o dereito a cubrilos con concellos que teñan a suficiente demanda para realizar un segundo obradoiro e que o soliciten mediante escrito motivado, dirixido á Deputación de Pontevedra e presentado no Rexistro electrónico sede.depo.gal, previo acordo da Xunta de Goberno.

Décimo quinta. Prazo de vixencia

As bases que regulan este programa terán vixencia ata o 31 de decembro de 2019.

Décimo sexta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos no procedemento de adhesión dos concellos serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

Os datos obtidos no procedemento de concesión dos obradoiros serán obxecto de tratamento por cada concello destinatario en calidade de responsable do tratamento, sendo nestes casos a Deputación de Pontevedra a encargada do tratamento. A finalidade do tratamento será a xestión das peticións de obradoiros, a comprobación dos datos das solicitudes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación en ambos os tratamentos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou do exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable” dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>

e o consentimento explícito no caso do procedemento de solicitude das persoas físicas interesadas.

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.

Décimo sétima. Publicidade

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), remitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

En toda a publicidade que se elabore deberase facer constar a organización e a colaboración do organismo provincial mediante a inclusión da súa imaxe institucional, de conformidade co artigo 31 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS.

Para todo o relacionado coa publicidade, a empresa adxudicataria dirixirse ao correo electrónico cohesionsocialexuventude@depo.gal.

Décimo oitava. Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal
- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público
- Orzamento provincial e bases de execución

ANEXO I. CATÁLOGO: OBXECTIVOS E TEMÁTICAS

1. Risos en Familia

Está demostrado cientificamente que o riso ten efectos positivos nas persoas, así que debemos aprender a rir. E que mellor forma de facelo ca en familia?

As nenas e os nenos son capaces de rir ao redor de 300 veces ao día, mentres que as persoas adultas o fan apenas unhas 15, debido a que a predisposición para rir coa que nacemos se vai perdendo cos anos.

O riso permite enfrontarse aos obstáculos diarios desde perspectivas máis creativas e axuda as persoas a sentirse mellor consigo mesmas e co seu contorno. Por iso parécenos unha experiencia moi interesante para compartir en familia.

Medios necesarios: unha aula ou espazo para 30 participantes.

2. Xogos e Xoguetes Tradicionais: Xogando en Familia

Neste obradoiro as familias compartirán xogos tradicionais e construírán xoguetes cos que xogaban os seus maiores, o que servirá para que as nenas e nenos os coñezan e, á súa vez, para facer un repaso á historia. Ademais, as e os pequenos terán a oportunidade de ensinarlles ás súas nais e pais os xoguetes e xogos actuais.

Medios necesarios: unha aula ou espazo con mesas grandes para 30 participantes.

3. O Noso Son: Bailes e Cancións de Agora e de Sempre

Neste obradoiro as familias compartirán os bailes e as cancións típicas da súa zona traéndooas á actualidade para promover o intercambio das diferentes versións de cancións populares (música e letra) que coñece cada familia e contribuír á difusión da tradición oral e musical galega.

Medios necesarios: unha aula ou espazo para 30 participantes e un reprodutor de música.

4. Faino Ti

Neste obradoiro as familias realizarán actividades de expresión plástica e traballos manuais a través da reciclaxe e da reutilización de materiais, co que se promoverá o respecto polo ambiente e o desenvolvemento da creatividade e da imaxinación, e ademais se fomentará o traballo en equipo nas familias e entre persoas de distintas xeracións.

Medios necesarios: unha aula ou espazo para 30 participantes.

